



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR E A COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA PARA A XESTIÓN ELECTORAL ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xestión electoral. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da xestión electoral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes onde se regula que a través da súa Dirección Xeral de Relacións Institucionais esta Consellería é a competente para a: “*A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia naqueles procesos electorais nos que estea convidada como observadora*” artigo Art. 33.f) do devandito Decreto de estrutura orgánica.

Antecedentes:

1.- O 11/02/2014 firmouse entre o Ministerio do Interior e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia o “*Convenio Marco de colaboración en materia de xestión electoral entre a administración xeral do estado (Ministerio do Interior) e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*”.

O dito convenio tiña prevista unha duración dende a data da súa sinatura ata o 31/12/2017.

2.- Antes do seu vencemento as partes asinaron a prorroga do Convenio Marco o 06/11/2017 para prorrogalo ata o 31/12/2021

3.- O obxecto do presente Convenio e asinar un novo marco xurídico para a xestión electoral entre a Administración xeral do estado e a administración da CCAA de Galicia co fin de dar continuidade á colaboración entre ambas administracións na materia de xestión electoral.





FINALIDADE E CONTIDO

Primeira.- Á vista do exposto o Convenio é o único instrumento xurídico que permite a converxencia das obrigas electorais das distintas administracións, sen que exista animo de lucro por ningunha parte.

A finalidade fundamental do convenio que se pretende asinar é determinar as actuacións de colaboración en materia de xestión de procesos electorais que permitan á Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia xestionar de maneira eficiente e eficaz os correspondentes procesos electorais tanto no caso de concorrencia electoral como nos casos que non se produza a dita concorrencia .

O texto do convenio tenta homoxeneizar o seu contido para todas as comunidades autónomas buscando a maior uniformidade.

Segunda.- A tal efecto o convenio inicia describindo a diferenza entre concorrencia electoral (eleccións conxuntas no Estado e na Comunidade Autónoma) como os supostos nos que non se da.

No caso de concorrencia electoral existen obrigas comúns en materia de organización de mesas electorais, membros das mesmas e o manual que se lles facilita, e material electoral (coma o uso de cabinas, papeletas, impresos e sobres, sinalizadores etc). Como novidade neste Convenio regulase que no caso do voto CERA (que é o voto a través de correos e oficinas consulares adscritas ao Ministerio de Asuntos Exteriores) no suposto de eleccións concorrentes corra integramente o custo a cargo da Administración do Estado.

Tamén é unha novidade que se contempla a instalación de mesas administradas electronicamente (MAEs) no que se detalla a asunción do custo por parte da administración do Estado da súa implantación tenda a comunidade autónoma a única obriga de subministrar datos e o seu envío (con que iso supón) ao centro de datos que corresponda.

O convenio recolle medidas novas que supoñen a translación da normativa de accesibilidade para favorecer a participación de persoas con discapacidade.

A comunidade autónoma deberá facerse cargo do acondicionamento dos locais e do transporte para o electorado.

Nas campañas institucionais se recollera expresamente se o proceso é concorrente. E ambas administracións colaboraran en todo o necesario coa Xunta Electoral xa sexa de zona ou provincial.





No caso de que non exista concorrencia electoral regulase tamén a colaboración para material, papeletas, cabinas...etc facéndose ambas administracións prestamos mutuos. Tamén se regula o uso de aplicacións informáticas e neste caso de non concorrencia Galicia asumirá nas súas eleccións o voto CERA como se recollía no anterior convenio. Regulase tamén a colaboración ás xuntas electorais e os compromisos de gastos de cada parte tendo en conta os criterios do Tribunal de Contas e un apartado específico (cláusula cuarta) de obrigacións de cada parte.

Por último se recolle a Comisión de Seguimento e os informes de avaliación en aplicación do Convenio. E o sometemento do contido do Convenio e das obrigas a normativa vixente de protección de datos.

Terceira.- A natureza do convenio que se pretende asinar é administrativa, en caso de que a controversia non se resolva na comisión de seguimento prevista, a competente será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

FINANCIAMENTO:

Este convenio, do mesmo xeito que o convenio asinado no ano 2014 e a súa prorroga, non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes non desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes asinantes do presente convenio asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e consonte as súas respectivas normas de xestión económica.

Por tódolo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia non podendo acudir tal e como se expuxo á contratación pública, de conformidade co artigo 6.1 de la Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García- Señorás Álvarez

(sinatura dixital)

